

# AS PERÍFRASES VERBAIS

As perífrases están formadas por dous verbos: un conxugado (auxiliar) e outro en forma non persoal (auxiliado)



## PERÍFRASES TEMPORAIS

Indican futuro inmediato:

- **Ir + infinitivo:** *Vou mercar un xersei.*
- **Haber (de) + infinitivo:** *Heite ver mañá.*
- **Haber (de) (pretérito) + infinitivo:** *O chan está mollado e houbo de esvarar.* Cando o verbo auxiliar está en pasado, indica que a acción estivo a piques de suceder, pero que non chegou a realizarse.
- **Estar a / para + infinitivo:** *Meu pai está a / para chamar.*

## PERÍFRASES MODAIS

Indican obriga:

- **Haber (de) + infinitivo:** *Has de cantar, meniña gaiteira.*
- **Haber (impersoal) + que + infinitivo:** *Hai que estudar para o exame.*
- **Ter que + infinitivo:** *Teño que facer máis deporte.*
- **Deber (de) + infinitivo:** *Debo ser máis agarimoso con eles.*

Expresan probabilidade ou dúbida:

- **Haber (de) + infinitivo:** *Ha de haber cinco anos que non a vexo.*
- **Deber (de) + infinitivo:** *Debe de estar na casa de seus tíos.*

## PERÍFRASES ASPECTUAIS

Existen diferentes tipos de perífrases aspectuais:

- **Imperfectivas**: expresan unha acción que está en desenvolvemento.

- **Estar + xerundio / Estar a + infinitivo**: *Estou lendo unha novela moi interesante. Estou a ler unha novela moi interesante.*
- **Andar + xerundio / Andar a + infinitivo**: *Meu pai anda sachando na horta. Meu pai anda a sachar na horta.*
- **Levar + xerundio / Levar a + infinitivo**: *Levo chamándoo todo o día. Levo a chamalo todo o día.*
- **Ir + xerundio**: *Os nenos van comendo.*
- **Vir + xerundio**: *Veño pensando niso desde hai tempo.*
- **Seguir + xerundio / Seguir a + infinitivo**: *Sigo pensando que non tes razón. Sigo a pensar que non tes razón.*

- **Perfectivas**: expresan unha acción como un proceso xa concluído.

- **Acabar de + infinitivo**: *Acabo de chegar da praia.*
- **Dar + participio (en contextos negativos)**: *Non dou feito todos os exercicios que me mandaron.*
- **Levar + participio**: *Xa levo andados dous quilómetros.*

- **Reiterativas**: expresan unha acción como realizada varias veces.

- **Ter + participio**: *Téñocho feito moitas veces.*
- **Volver (a) + infinitivo**: *Xa volven estar enfadados.*

- **Incoativas**: expresan unha acción no momento de comezar.

- **Botar (se) a + infinitivo**: *Botouse a chorar cando caeu.*
- **Poñer / pór (se) a + infinitivo**: *Púxose a ler cando rematou os seus deberes.*
- **Comezar a + infinitivo**: *Comezou a chover cando saímos da casa.*
- **Dar en + infinitivo**: *Deu en chorar en canto oíu a tráxica nova.*

- **Terminativas**: expresan unha acción no final do seu proceso.

- **Chegar a + infinitivo**: *Finalmente chegou a explicar como acontecera o suceso.*
- **Acabar por + infinitivo**: *Acabou por dicirlle á nai que suspendera sete materias.*



- A perífrase **ir a + infinitivo** é un calco do castelán e, por tanto, cómpre evitala. Ex: *Voy a cenar contigo*: *Vou a cear contigo\**. A forma correcta é *Vou cear contigo*.
- Cómpre non confundir as **perífrases verbais** con outros **complexos verbais**, conxuntos de dous verbos (ex: *sei cantar, quedei facendo...*). A diferenza entre un complexo ou conxunto verbal e unha perífrase é que no conxunto verbal o verbo auxiliar ou conxugado conserva o significado léxico. En troques, nas perífrases o verbo auxiliar non achega significado léxico. Ex: *Vou mercar o xornal*. (*Vou?*)